Os mecanismos de influencia do consumo de alcohol sobre a violencia son complexos. Algunhas teorías apuntan aos efectos farmacolóxicos do alcohol, que actuaría desinhibindo os mecanismos que inhiben as condutas violentas e diminuindo a capacidade de xuízo e a percepción do risco asociado a certas condutas violentas. Sábese tamén que, aínda que en moitos casos o consumo de alcohol non é o responsable directo da violencia de xénero, actúa como un elemento que precipita a realización de actos violentos, aumentando o número das agresións e a gravidade destas (NATIONAL INSTITUTE ON ALCOHOL ABUSE AND ALCOHOLISM, 1997).

Convén ter en conta que o consumo de alcohol é esgrimido en ocasións por parte dos agresores como atenuante da súa responsabilidade penal ou civil polos actos violentos cometidos, circunstancia que podería contribuír ao sobre-dimensionamento da súa influencia real sobre a violencia de xénero.

Un estudo internacional coñecido como Proxecto GENACIS, no contexto do cal se realizaron 500 entrevistas en Galicia, obtivo as seguintes conclusións respecto á relación existente entre o consumo de alcohol e doutras drogas e a violencia de xénero (SÁNCHEZ, L. et al., 2004):

- Detéctase unha importante presenza do alcohol no escenario das agresións. As vítimas sinalan que preto da metade (o 47%) das persoas implicadas nas agresións estiveran a beber con anterioridade a estes episodios, ben só o agresor (25,9%), ben ambos os dous (16,7%), ben só a vítima (3,5%).
- Os bebedores e bebedoras cun patrón de inxesta abusiva foron vítimas de agresións físicas a mans da parella nos últimos dous anos nunha porcentaxe tres veces superior (7,4%) á dos abstemios (2,1%).
- Existe unha asociación positiva entre os niveis de consumo de alcohol polos agresores e a frecuencia das agresións inflixidas á parella nos últimos dous anos (a medida que se incrementa o consumo crece a frecuencia das agresións físicas): entre os bebedores abusivos detéctase a presenza dun 7,8% de maltratadores, fronte ao 0,9% entre os abstemios.
- O consumo de drogas ilícitas por parte dos agresores correlaciónase positivamente coa frecuencia das agresións inflixidas, multiplicándose por dez con respecto aos non consumidores destas substancias.
- Consumir drogas ilícitas incrementa notablemente o risco de ser vítima da violencia de xénero: as persoas consumidoras de drogas ilícitas distintas dos derivados do cannabis sufriron agresións físicas a mans da súa parella nunha porcentaxe cinco veces superior ás non consumidoras.

Estudos realizados entre as mulleres vítimas da violencia de xénero que estaban sendo atendidas en servizos de apoio e protección específicos para elas confirman a intensa asociación existente entre o consumo abusivo de alcohol ou doutras drogas e a violencia contra a parella (SÁNCHEZ, L. 2003):

Constátase a importantísima presenza dos consumos abusivos de alcohol entre os agresores:

- O 60% dos agresores tería, a xuízo das vítimas, antecedentes persoais por problemas de alcoholismo ou de abuso doutras drogas.
- Case un de cada dez agresores tería participado en tratamentos de deshabitación por problemas co alcohol (9%) ou drogas ilícitas (13%).

Atendendo aos datos achegados polas vítimas, o 52% dos agresores tería un patrón de consumo abusivo de alcohol.

O 59% das vítimas afirma que algún dos dous membros da parella bebera antes de producirse a agresión e o 37% sinala que o agresor bebera en exceso ou estaba borracho nas ocasións en que foron maltratadas.

A xuízo das vítimas, o 54% dos agresores emborrachábase unha ou máis veces por semana e o 18% facíao diariamente.

As vítimas atribúenlle ao consumo abusivo de alcohol por parte do agresor un papel moi relevante como orixe do maltrato sufrido: o 18,1% das vítimas indica que esa foi a causa pola que foi maltratada, a segunda razón máis importante, por detrás da personalidade violenta do agresor.

Razóns polas que as vítimas consideran que foron maltratadas (%) . Resposta múltiple	
MOTIVO	%
— Personalidade violenta do agresor	23,2
— A súa parella bebía alcohol de xeito abusivo	18,1
— Celos	14,5
— Tiña unha visión machista das mulleres	13,0
— Trastornos psíquicos do agresor	8,7
— Consumía outras drogas (distintas do alcohol)	6,5
— O agresor foi maltratado na súa infancia	5,8
— Non aceptaba que (a vítima) o abandonase	5,1
— Outras razóns	5,0

O 52% das vítimas considera que o consumo abusivo de alcohol polo agresor tivo moita importancia ou foi a principal causa, como desencadeadora da violencia padecida.

Existe unha correlación positiva intensa entre o nivel de consumo de alcohol dos agresores e a frecuencia e gravidade das agresións inflixidas ás vítimas: a frecuencia das agresións é moi superior entre os bebedores abusivos e as lesións provocadas ás vítimas máis graves.

Unha recente publicación da Organización Mundial da Saúde (OMS, 2006) confirma a relación entre o consumo de alcohol e a violencia inflixida pola parella, incrementando a frecuencia e a gravidade dos actos de violencia.

- O consumo de alcohol afecta directamente ás funcións cognitivas e físicas e reduce o autocontrol, polo que os individuos son menos capaces de atopar unha solución non violenta aos conflitos relacionais.
- O consumo excesivo de alcohol por un dos membros da parella pode agravar as dificultades económicas, os problemas do coidado dos fillos, a infidelidade e outros estresores familiares. Iso pode xerar tensión e conflitos conxugais e incrementar o risco de que se dean actos violentos entre os membros da parella.
- A creenza individual e social de que o alcohol xera agresividade pode alentar a comportarse violentamente despois de consumilo e a consumilo como desculpa por estes comportamentos.
- Ser vítima da violencia nunha relación pode conducir a beber alcohol como método de afrontamento ou para automedicarse.

Nos estudos sobre violencia inflixida pola parella é habitual constatar o consumo recente de alcohol por parte dos agresores. As estimacións varían duns países a outros. Nos Estados Unidos de América e en Inglaterra e Gales, as vítimas crían que a súa parella estivera a beber antes dunha agresión física no 55% e no 32% dos casos, respectivamente. Tamén se constatou o consumo de alcohol entre as vítimas da violencia de parella, aínda que en menor grao que entre os agresores.

Entre as consecuencias da violencia de xénero, a OMS destaca:

- Efectos sobre a saúde da vítima, que nalgunhas mulleres poden causar complicacións do embarazo ou abortos.
- Problemas emocionais que conducen ao suicidio, ideas suicidas, depresión e o consumo de alcohol ou outras drogas como modo de afrontamento.
- Nos casos graves, as lesións provocadas poden ser mortais.

- Problemas sociais que afectan ás relacións con familiares, amigos e futuras parellas e á súa capacidade de traballar ou estudar.
- Os nenos testemuñas de actos de violencia de xénero, ademais de sufriren danos físicos e emocionais, teñen máis probabilidade de presentar comportamentos violentos e delituosos na infancia e de consumo abusivo ou dependencia do alcohol a idades máis tardías, elevando o seu risco de converterse en perpetradores de actos violentos.
- Incremento nos custos sanitarios (tratamentos cirúrxicos, incremento das consultas médicas, estadias hospitalarias, gastos de farmacia e consultas a servizos de saúde mental).
- Outros custos económicos (accións xudiciais, servizos de apoio ás vítimas, perda de ingresos e derivados dos custos emocionais).

12

Necesidades específicas de tratamento
das mulleres drogodependentes



Existe consenso ao sinalar que o feito de que a maior parte das terapias existentes para o tratamento das drogodependencias foron deseñadas pensando nos homes. A perspectiva de xénero no tratamento das adicións circunscríbese a situacións concretas como o embarazo, a maternidade ou a prostitución. Unha carencia que dificulta –cando non impide– o axeitado tratamento das mulleres.

As mulleres drogodependentes presentan unha serie de características que condicionan tanto a súa decisión de abandonar o consumo como a accesibilidade ao tratamento e a súa eficacia, entre as cales destacan (PANTOJA, L. 2007):

- A dependencia afectiva da parella é máis intensa no caso das mulleres, que se inician con frecuencia no consumo para compartir experiencias con ela (conseguir a súa aceptación e unha maior vinculación) e cuxa opinión adoita ser determinante á hora de abandonar o consumo e iniciar tratamento.
- Teñen cargas e responsabilidades familiares que dificultan o tratamento.
- Presentan sentimentos de culpabilidade e unha baixa autoestima.
- Presentan estados depresivos e de ansiedade que dificultan o seu acceso aos tratamentos e o éxito nestes.
- Sufriron experiencias traumáticas (violencia de xénero, abusos sexuais, intentos de suicidio, etc.)
- Son obxecto dunha especial estigmatización ou rexeitamento social, que se intensifica entre aquelas que teñen fillos, e que se traduce no silenciamento ou ocultación do problema (negando a súa existencia) e no atraso ou a non demanda de apoio para superalo.
- Dificultades de acceso aos tratamentos residenciais cando existen fillos menores (que non están adaptados para a súa acollida).
- Dependem economicamente da familia ou da parella.
- Teñen unha importante precariedade laboral (desemprego, contratos temporais, etc.).


As mulleres drogodependentes están en situación de clara desvantaxe respecto dos homes á hora de acceder a tratamento polo risco adicional que senten de fracaso no exercicio do seu rol e de illamento e rexeitamento social.

Os estudos realizados entre mulleres con problemas de abuso e/ou dependencia do alcohol permiten identificar a existencia dunha serie de necesidades específicas ou diferenciais entre este colectivo, que se localizan nos seguintes ámbitos (SÁNCHEZ, L, 2006a):

- As carencias afectivas, en boa medida derivadas do distanciamento afectivo entre os distintos membros do sistema familiar.
- Os conflitos e/ou rupturas de parella.
- O pobre autoconcepto, os sentimentos de desvalorización e a falta de confianza en si mesmas.
- Depresión e outras alteracións psicolóxicas.
- A escasa autonomía persoal.
- O rexeitamento da súa imaxe corporal.
- As dificultades nas relacións sociais e para a integración en grupos.
- O consumo doutras substancias (psicofármacos, etc.), ademais do alcohol.
- A incapacidade para asumir axeitadamente tarefas relacionadas co coidado dos fillos e/ou a organización e o funcionamento familiar.

13

Barreiras para o tratamento das mulheres drogodependentes



Os resultados dos estudos realizados en diferentes países acerca das impresións das mulleres dependentes do alcohol e doutras drogas sobre os obstáculos e impedimentos para o seu acceso ao tratamento coinciden en sinalar unha serie de factores comúns, como son (SÁNCHEZ, L. 2006):

- A estigmatización ou vergoña sobreengadida que soportan as mulleres.
- Os derivados das súas responsabilidades como nais ou esposas, tales como a preocupación polo coidado dos fillos ou o medo a perder a súa custodia.
- A presenza dunha parella drogodependente.
- O temor a ser abandonadas pola parella.
- Non ser conscientes de que o alcoholismo ou as toxicomanías son unha enfermidade e/ou a crenza de que poden superar este problema por si mesmas.
- O medo á abstinencia.
- A existencia de listas de espera para o acceso a certos servizos ou a imposibilidade de acceso cando teñen fillos menores (fundamentalmente residenciais).
- A falta de información sobre as opcións de tratamento.
- A ausencia de servizos adaptados ás necesidades das mulleres (por exemplo, nas casas de acollida para mulleres maltratadas négaselles o acceso ás mulleres drogodependentes).

Un informe sobre o tratamento do abuso de substancias e a asistencia ás mulleres dependentes da Oficina das Nacións Unidas Contra a Droga e o Delito (ONUDD, 2004) sinala a presenza dos seguintes obstáculos ou barreiras para o acceso ao tratamento das mulleres:

Obstáculos inherentes aos sistemas

Serían os factores que impiden o establecemento de servizos axeitados ás necesidades das mulleres, tales como: a escasa presenza de mulleres en cargos e postos responsables da formulación das políticas e a asignación de recursos, a escasa sensibilización respecto ás diferenzas de xénero como un elemento determinante da saúde das persoas, a falta de coñecementos acerca das mulleres con problemas de abuso de substancias e das súas necesidades de tratamento, a ausencia de modelos de tratamento sensibles ás cuestións de xénero ou a necesidade dunha ampla variedade de servizos asistenciais, superior á dos homes.

Obstáculos de tipo estrutural

Esta categoría inclúe factores que lles afectan especificamente ás mulleres e que dificultan o seu acceso ao tratamento, como son: o feito de que sexan elas as que soporten maioritariamente o coidado dos fillos (con frecuencia carecen de coida-

dores alternativos e do apoio da súa parella e familia ou de programas institucionais que garantan o coidado dos fillos mentres dure o tratamento), a ausencia de servizos específicos para embarazadas, a consideración do abuso do alcohol ou doutras drogas como causa para a retirada da custodia dos fillos, a existencia de horarios ríxidos nos programas asistenciais incompatibles coas responsabilidades familiares e domésticas das mulleres, a existencia de listas de espera ou a deficiente detección e derivación dos problemas de abuso de alcohol que lles afectan ás mulleres desde os servizos de atención primaria de saúde.

Obstáculos sociais, culturais e persoais

Esta categoría intégrana factores como a maior estigmatización, a vergoña ou culpa que experimentan as mulleres dependentes do alcohol, as maiores desigualdades sociais que padecen, a ausencia de apoio da súa parella ou familia no caso de optar por incorporarse a tratamento, o temor a perder a custodia dos fillos ou a desconfianza respecto á eficacia dos tratamentos e a súa capacidade para entender os problemas singulares das mulleres.

Un estudo realizado para analizar as barreiras para accederen a tratamento os pacientes drogodependentes da comunidade valenciana (SÁNCHEZ, L. et al., 2005b), sobre unha mostra de 2.123 pacientes (deles 442 mulleres), permitiu identificar unha serie de barreiras específicas da poboación feminina dependente do alcohol ou doutras drogas á hora de acceder a tratamento continuación.

Entre os factores que as mulleres dependentes do alcohol sinalan para explicar a súa demora para demandar tratamento, destacan por orde de importancia os relacionados con:

- A estigmatización, que se asocia ao sentimento de vergoña, preocupación pola confidencialidade do tratamento e, polo tanto, da adicción (que ocupan, respectivamente, a primeira e terceira posición entre as barreiras ao tratamento).
- Baixa percepción ou dificultades de autorrecoñecemento do problema, (pensar que poderían superar o problema polos seus propios medios e/ou que non precisaban axuda, non identificar a existencia do problema, non recoñecerse como adictas, pensar que os tratamentos son para outras persoas en peor estado, negar a presenza de problemas asociados ao consumo, non identificar o problema como unha enfermidade, etc.).
- Os temores ou problemas que provoca o tratamento, relacionados con motivacións tales como o temor ao diagnóstico dalgunha enfermidade, á síndrome de abstinencia, o medo a ingresar nun hospital ou a fracasar no tratamento.
- As motivacións relacionadas coa resistencia ao cambio: gústalles beber, non desexan deixar de consumir, atribuírlle ao consumo máis cousas positivas que negativas ou crer que non saberían vivir sen alcohol.

Entre as razóns que as mulleres con problemas de adicción ás drogas distintas ao alcohol (heroína, cocaína ou cannabis) sinalan para xustificar o seu atraso á hora de solicitar asistencia, inclúense, por orde xerárquica, en función da porcentaxe de mencións:

MOTIVO	%
— Pensaba que podía superalo persoalmente, cos seus propios medios	53,9
— Atopábase avergoñada	47,2
— Cría que os tratamentos eran para persoas que estaban peor ca ela	45,5
— Non pensaba que tivese un problema serio coas drogas	43,1
— Preocupábana as molestias que puidese causarlle a síndrome de abstinencia	41,5
— Ao seu xuízo, o consumo de drogas non lle xeraba ningún problema	41,5
— As drogas non lle causarían, realmente, moitos problemas na súa vida	41,5
— Ao seu xuízo, as drogas non eran o seu problema principal	40,6
— Non cría que fose unha persoa drogodependente	40,5
— Non pensaba que necesitase axuda	40,5
— Gustáballe consumir drogas e non o quería deixar de facer	39,5
— Pensaba que a súa familia non o entendería	38,8
— Non pensaba que fose unha enfermidade	37,3
— Cría que non sabería vivir sen consumir drogas	36,9
— Tiña medo a fracasar no tratamento	35,5
— Non lle gusta que ninguén lle diga o que ten que facer coa súa vida	35,2
— Non quería deixar de consumir	35,2

14

Respostas aos problemas
relacionados coas drogas cunha perspectiva de xénero

Panel Europeo sobre o Mainstreaming (“transversalidade”) de Xénero en Saúde

Entre as achegas do Panel Europeo sobre o Mainstreaming de Xénero (“transversalidade de xénero”) en Saúde, inclúense as seguintes recomendacións:

- Xerar información sobre a situación e os determinantes das inequidades de xénero no ámbito da saúde, logrando que esta información sexa comprensible para as persoas responsables dos ámbitos políticos e de planificación, así como para profesionais da promoción de saúde.
- Debe tamén promoverse a mobilización en apoio das accións dirixidas a unha maior equidade en saúde, así como definir os mecanismos institucionais a través dos cales estas prioridades poidan incorporarse de xeito democrático e sustentable dentro do proceso de xestión das políticas públicas.
- Fomentar a investigación e formación sobre temas de xénero. Xerar evidencia científica é un dos mellores procedementos para mostrar a necesidade de facer cambios nas políticas, así como para mellorar as políticas facéndoas sensibles ao xénero. Os estados membros e a OMS deberán incluír a perspectiva de xénero como un dos criterios para o financiamento de calquera investigación relevante. Isto leva consigo establecer directrices e levar a cabo programas de formación sobre xénero e saúde dirixidos a persoal sanitario e, especialmente, ás persoas que investigan e aos que avalíen as propostas de investigación.
- Resaltar a participación e o papel das mulleres co fin de subliñar a urxencia de eliminar o enfoque instrumentalista que predominou con respecto á participación feminina no sistema de saúde, a prol dunha maior equidade na distribución das responsabilidades e do poder na produción de saúde.

Recomendacións do grupo de xénero e tabaco do Comité Nacional de Prevención do Tabaquismo: nove puntos para avanzar na equidade (Barcelona, 13 de novembro de 2004).

- Instar as administracións públicas a incluír a perspectiva de xénero nas estruturas e actividades relacionadas co control e a prevención do consumo de tabaco, dado que a experiencia acredita a frecuencia e a facilidade con que o xenérico universal tende a masculinizarse.
- Exhortar as administracións públicas á utilización de linguaxe non sexista na redacción de plans, programas, actividades, conclusións, informes e outros documentos relacionados co tabaco.
- Promover a inclusión dos datos desagregados por sexo e os datos relacionados co xénero nos rexistros e sistemas de información, nos programas de actuación fronte ao tabaquismo e nas actividades de prevención

e control. Para facilitar a inclusión da perspectiva de xénero, nos rexistros e sistemas de información propóñense tomar en conta, polo menos, os seguintes aspectos:

- Horas de traballo produtivo e horas de traballo reprodutivo.
- Cargas familiares.
- Horas de dedicación ao coidado.
- Incluir a paridade como horizonte orientador das actuacións do Comité Nacional de Prevención do Tabaquismo (CNPT) e como meta nas súas estruturas directivas e de funcionamento, garantindo a presenza da perspectiva de xénero en todas as actividades e congresos.
- Inclusión do enfoque de xénero na avaliación dos relatorios e/ou comunicacións aos congresos e actividades formativas e de investigación que realicen o Comité Nacional de Prevención do Tabaquismo e as sociedades integradas neste.
- Promover e realizar investigacións acerca do papel do xénero na situación do tabaquismo de homes e mulleres, especialmente no que se refire a:
 - Motivacións para o inicio do consumo.
 - Influencia sobre os distintos patróns de consumo.
 - Mecanismos que interveñen na produción de recaídas.
 - Estratexias para mellorar a eficacia das intervencións en fumadoras embarazadas.
 - Estratexias para mellorar a eficacia das intervencións en fumadoras climatéricas.
 - Análise de posibles diferenzas na aparición de patoloxías atribuíbles ao tabaco.
 - Análise de posibles diferenzas na accesibilidade á prestación de servizos de axuda para deixar de fumar.
 - Análise de posibles diferenzas na resposta aos tratamentos do tabaquismo.
 - Estudar a situación específica de homes e/ou mulleres respecto ao tabaquismo.
 - Incluir unha reflexión nas investigacións, sobre os puntos fortes e as debilidades do propio estudo en relación coa perspectiva de xénero, achegando propostas acerca das necesidades futuras de inclusión de ferramentas e procedementos metodolóxicos que permitan establecer conclusións que tomen en consideración a perspectiva de xénero.
- Promover a formación acerca do papel do xénero na situación do tabaquismo de homes e mulleres.
- Promover a integración dos medios de comunicación na loita contra o

tabaco desde a perspectiva de xénero.

- O grupo de traballo Tabaco e Muller do CNPT participa da convicción de que o enfoque de xénero implica homes e mulleres; non obstante, é necesario destacar a necesidade de promover o empoderamento das mulleres e, en consecuencia, manifesta a súa decisión de impulsar o seu papel na coordinación, liderado, difusión e representación nas actividades do propio grupo.

Recomendacións do Consello Nacional de Control de Estupefacientes de Chile para o tratamento das mulleres con adicións a drogas (CONACE, 2004).

Entre estas orientacións, que se sustentan na premisa de que existen maneiras específicas de intervir no tratamento das dependencias en mulleres, inclúense as seguintes:

- Nas adicións femininas resulta prioritaria a abordaxe dos aspectos psicoafectivos e relacionais.
- Debe incidirse de xeito específico sobre os roles maternos e de crianza.
- Hai que ser especialmente coidadoso á hora de evitar xuízos de valor sobre aspectos relacionados coa sexualidade e a maternidade, evitando culpar as mulleres polo abandono e/ou desatención dos seus fillos.
- O mantemento dunha relación de empatía entre a persoa que solicita axuda e os membros do equipo encargados da súa atención resulta determinante entre as mulleres como predictor da adherencia ao programa.
- A garantía da confidencialidade e a privacidade do tratamento.
- A primeira entrevista de acoillida resulta primordial, debe ser aberta, dedicándolle todo o tempo necesario. Se é posible, deberá procurarse que o terapeuta sexa unha muller para evitar posibles resistencias.
- A derivación a outro programa terapéutico debe ser asistida.
- A contención emocional debe ser o obxectivo da primeira etapa do tratamento coas mulleres adictas.
- Superada a etapa inicial, o tratamento deberá incidir no fomento das habilidades cognitivas que permitan a toma de decisións e a resolución de conflitos, axudando á estruturación da vida cotiá e a afrontar os problemas de tipo relacional.

15

Bibliografía

- ARTAZCOZ, L. y BORRELL, C. (2007). "Género y salud". En: Libro blanco sobre mujeres y tabaco. Informe sobre la situación actual del consumo de tabaco en las mujeres desde una perspectiva de género. Recomendaciones de futuro. Comité Nacional para la Prevención del Tabaquismo. Ministerio de Sanidad y Consumo.
- BARREDA, MA, et al., (2005). Mujer y adicción. Aspectos diferenciales y aproximación a un modelo de intervención. Instituto de Adicciones. Ayuntamiento de Madrid.
- BECKMAN, L. J. e AMARO, H. (1984). "Pattern of women's use alcohol treatment agencies". En: Wilhasck, S.C. y Beckman, L. J., ed. Alcohol problems in women. New
- BECOÑA, E. e VÁZQUEZ FL. (2000). "Las mujeres y el tabaco: características ligadas al género". Revista Española de Salud Pública. 2000; 74: 13-23.
- BECOÑA, E. (2001) "¿Es necesaria una aproximación específica sobre las drogodependencias en mujeres?" En: Jornadas Mujer y Drogas. Madrid, 21 de diciembre de 2001.
- BRUNSWICK, A. MESSERI, P. (1984). "Gender differences in the process leading to cigarette smoking". J Psicol. Oncology. 1984; 2:49-69.
- CAMERON, C. e BERNARDES, D. (1998). Gender and disadvantage in health: men's health for a change. Sociol Health Illn. 1998; 18: 673-693.
- CONACE (2004). Mujeres y tratamiento de drogas. Consejo Nacional de Control de Estupefacientes. Santiago de Chile.
- CREPAZ, N. e MARKS G. (2002). Towards an understanding of sexual risk behaviour in people living with HIV: a review of social, psychological, and medical findings. AIDS. 2002, 16: 135-149.
- DAWSON, DA. (2006). "Gender differences in the probability of alcohol treatment". J. Subst Abuse. 1996: 8; 211-225.
- DE LA CRUZ, M. J. et al. (2002). Adicciones ocul-tas. Aproximación al consumo diferencial de psicofármacos. Colegio Oficial de Psicólogos de Las Palmas.
- FERNÁNDEZ, E.; SCHIAFFINO, A.; PERIS, M. (2001). "Tabaquismo en mujeres: un problema de salud emergente". Enf Emerg. 2001, 3: 184-190.
- GENERALITAT VALENCIANA (1990a). Incidencia de los malos tratos a mujeres en la Comunidad Valenciana. Serveis Socials, Estudis, 17. Valencia.
- GREAVES, L. et al. (2003). A best practices review smoking cessation interventions for pregnant and postpartum girls and women. Vancouver: British Columbia Centre of Excellence for Women's Health, 2003.
- HILL, S. Y. (1984). Vulnerability to the biomedical consequences of alcoholism and alcohol-related problems among women, Alcohol Problems in Women: Antecedents, Consequences, and Intervention, S. C. Wilsnack e L. J. Beckman, editores (Nueva York, Guilford Press), pp: 121-154.
- HODGINS, DC. et al. (1997). "Treatment of substance abusers: single or mixed gender programs?" Addiction. 1997; 92: 805-812.
- INSTITUTO VASCO DE LA MUJER (1991). Informe sobre la situación de las mujeres en Euskadi. Vitoria.
- JARVIS, T. J. (1992). Implications of gender for alcohol treatment research: a quantitative and qualitative review. Br J Addict. 1992; 87; 1249-1261.
- KAUFMAN N. J. e NICHTER, M. (2001). "The Marketing of Tobacco to Women: Global Perspectives". En: Samet, J. M.; Yoon, S. Y. Women and the tobacco epidemic. Challenges for the 21st century. Ginebra: World Health Organization 2001.
- LÓPEZ, B. (compl.). La publicidad y la salud de las mujeres. Análisis y recomendaciones. Madrid: Instituto de la Mujer.
- LLOPIS, J. (2002). Informe sobre toxicomanías e identidad de género. IREFREA.
- MARSHALL, A. W. et al. (1983). "Ethanol elimination in males and females: relationship to menstrual cycle and body composition". Hepatology, vol. 3, núm. 5 (1983), pp: 701-706.
- MINISTERIO SANIDADE E CONSUMO (2007). Informe salud y género 2006. Las edades centrales de la vida. Ministerio de Sanidade e Consumo. Madrid, 2007.
- NATIONAL INSTITUTE ON ALCOHOL ABUSE AND ALCOHOLISM (1997). Alcohol Alert 38.
- NATIONAL INSTITUTE ON ALCOHOL ABUSE AND ALCOHOLISM (1999). "Are women more vulnerable to alcohol's effects?", Alcohol Alert, núm. 46, diciembre de 1999.

- MALIK, S. et al. (2008). "Maternal smoking and congenital Herat defects". *Pediatrics* 2008, 121: 810-816.
- OLSEN, J. (1991). "Cigarette smoking, tea and coffee drinking and subfecundity". *American Journal of Epidemiology* 1991; 133: 734-9.
- OMS (2006). *Violencia Inflingida por la pareja y alcohol*. Organización Mundial da Saúde. Xenebra.
- ONUDD (2004). *Tratamiento del abuso de sustancias y atención para la mujer: Estudios monográficos y experiencia adquirida*. Oficina das Nacións Unidas Contra a Droga e o Delito. Viena.
- PALOP, M. (2006). *Propuestas para abordar las drogodependencias desde un enfoque de género*. Primeiro encontro de persoas expertas Muller e Drogas. Madrid, 21 de decembro de 2006.
- PANTOJA, L. (2007). "¿Programas específicos de tratamiento para mujeres drogodependientes?". *Avances en Drogodependencias*. Instituto Deusto de Drogodependencias.
- PASCUAL, J. et al. (2003). *Manual de drogodependencias para enfermería*. Madrid: Ed. Díaz de Santos. Agencia Antidroga de la Comunidad de Madrid.
- REDONDO, J. et al., (2007). "Tabaco y salud". En: *Libro blanco sobre mujeres y tabaco. Abordaje con una perspectiva de género*. Comité Nacional para a Prevención do Tabaquismo e Ministerio de Sanidade e Consumo.
- ROBINSON, G. E. (2002). *Women and Psychopharmacology*. Medscape General Medicine 4 (1), 2002.
- RODRÍGUEZ-SANZ, M. et al. (2005). *Desigualdades sociales en la salud, los estilos de vida y la utilización de servicios sanitarios en las CC. AA. 1993-2003*. Madrid: Observatorio de Saúde da Muller e do SNS, Ministerio de Sanidade e Consumo.
- RODRÍGUEZ - SANZ, M. et al., (2006). *Informe salud y género 2005*. Observatorio da Saúde da Muller, Ministerio de Sanidade e Consumo.
- RUBIO, G. e BLÁZQUEZ, A. (2000). "Mujer y problemas por el alcohol". En: *Guía práctica de intervención en alcoholismo*, pp: 327-336. Colegio de Médicos de Madrid.
- SÁNCHEZ-HERVAS, E. et al. (2003). "Abuso y dependencia a drogas en la mujer". *Conductas Adictivas*, vol. 3, nº 1.
- SÁNCHEZ, L. (2003). *El alcohol y su impacto en la violencia doméstica en el municipio de Madrid*. Área de Promoción de la Igualdad y el Empleo. Ayuntamiento de Madrid.
- SÁNCHEZ, L. et al. (2004). *Estudio Internacional sobre género, alcohol y cultura: Proyecto GENACIS*. Sociedad Española de Toxicomanías. Alicante.
- SÁNCHEZ, L. et al. (2005a). *Evaluación de la efectividad de los programas de tratamiento con derivados opiáceos impulsados por el Plan de Galicia sobre Drogas*. Informe cuestionario inicial. Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias. Consellería de Sanidade/SERGAS.
- SÁNCHEZ, L. et al. (2005b). *Barreras de accesibilidad al tratamiento de pacientes drogodependientes de la Comunidad Valenciana*. Fundación para el Estudio, Prevención y Asistencia a las Drogodependencias.
- SÁNCHEZ, L., (2006a). *Estudio de necesidades de tratamiento de las mujeres dependientes al alcohol de las Comunidad Valenciana*. Consellería de Sanitat. Generalitat Valenciana.
- SÁNCHEZ, L. (2006b). *La publicidad de bebidas alcohólicas y tabaco. Mensajes y contenidos*. Colección Drogodependencias nº 1. Agencia Antidroga. Comunidad de Madrid.
- SMITH, W. B.; WEISNER, C. (2000). "Women and alcohol problems: a critical analysis of the literature and unanswered questions". *Alcohol Clin Exp Res*. 2000; 24: 1320-1321.
- TUBERT, S. (2005). "La construcción de la imagen corporal y la salud de las mujeres". En: LÓPEZ DÓRIGA, Begoña (compl.). *La publicidad y la salud de las mujeres. Análisis y recomendaciones*. Madrid: Instituto de la Mujer.
- US DEPARTMENT OF HEALTH AND HUMAN SERVICES (2001). *Women and Smoking. A Report of the Surgeon General*. Rockville, MD: US Department of Health and Human Services, Public Health Service, Office of the Surgeon General, 2001.

- VELASCO, S. (2006). Evolución de los enfoques de género en salud. Intersección de teorías de la salud y teoría feminista. Material docente do Diploma de Especialización de Xénero e Saúde Pública. Escola Nacional de Sanidade e Observatorio de Saúde da Muller do Ministerio de Sanidade e Consumo.
- VERBRUGGE, L. M. (1989). "The twain meet: Empirical explanations of sex differences in health and mortality". *J Health Soc Behav.* 1989; 30: 282-304.
- WALDRON, I.; WEISS, C. C.; HUGHES, M. E. (1998). "Interacting effects of multiple roles on women's health". *J Health Soc Behav.* 1998; 39; 216-236.
- WHO (1996). Collaborative Study of Cardiovascular Disease and Steroid Hormone Contraception. Ischaemic stroke and combined oral contraceptives: results of an international, multicentre, case-control study. *Lancet* 1996; 348: 498-505.
- WIINFIELD, L. et al., (1990). "Sexual assault and psychiatric disorders among a community sample of women". *American Journal of Psychiatry* 1990; 147: 335-341.

Glosario sobre **xénero***

(*) POLÍTICA DA OMS EN MATERIA DE XÉNERO. Integración das perspectivas de xénero no labor da OMS. Glosario sobre o xénero. <http://www.who.int/gender/mainstreaming/ESPwhole.pdf>.

Análise de xénero define, analiza e informa as medidas encamiñadas a facer fronte ás desigualdades derivadas dos distintos papeis da muller e do home ou das desiguais relacións de poder entre eles, e as consecuencias desas desigualdades na súa vida, a súa saúde e o seu benestar. A forma en que se distribúe o poder na maioría das sociedades fai que as mulleres teñan menos acceso e control sobre os recursos necesarios para protexer a súa saúde e menos probabilidades de intervir na adopción de decisións. A análise de xénero na esfera sanitaria adoita poñer de manifesto a forma en que as desigualdades redundan en prexuízo da saúde da muller, as limitacións a que esta se enfrenta para alcanzar a saúde e os modos de facer fronte e superar esas limitacións. A análise de xénero tamén pon de relevo os riscos e problemas de saúde a que se confrontan os homes como resultado da interpretación social do seu papel.

Equidade de xénero refírese á imparcialidade e a xustiza na distribución de beneficios e responsabilidades entre homes e mulleres. O concepto reconece que o home e a muller teñen distintas necesidades e gozan de distinto poder, e que esas diferenzas deben determinarse e abordarse con miras a corrixir o desequilibrio entre os sexos.

Igualdade de xénero é a ausencia de discriminación baseada no sexo da persoa en materia de oportunidades, asignación de recursos e beneficios ou acceso aos servizos.

Incorporación das cuestións de xénero.

Defínese como «o proceso de avaliar as consecuencias que ten para os homes e as mulleres calquera acción planificada, incluída a lexislación e as políticas ou programas, en calquera sector e a todos os niveis. É unha estratexia para facer dos problemas e experiencias das mulleres e dos homes unha dimensión integral do deseño, a execución, a vixilancia e a avaliación das medidas, en todas as esferas políticas, económicas e sociais, de maneira que as mulleres e os homes se beneficien por igual e non se perpetúe a desigualdade. O obxectivo último é conseguir a igualdade de xénero». «A incorporación das cuestións de xénero é un proceso tanto técnico como político que exige introducir cambios nas culturas de organización e nas mentalidades, así como nos obxectivos, as estruturas e a asignación de recursos.

Xénero. O termo utilízase para describir as características de homes e mulleres que están baseadas en factores sociais, mentres que **sexo** se refire ás características que veñen determinadas bioloxicamente. As persoas nacen con sexo masculino ou feminino, pero aprenden a ser nenos e nenas que se convierten en homes e mulleres. Este comportamento aprendido compón a identidade de xénero e determina os papeis dos xéneros.

Drogas y perspectiva de género. Documento marco

Plan de atención integral a la salud de la mujer de Galicia

g g é n e r o y d r o g a s

AUTOR

Sánchez Pardo, Lorenzo

GRUPO DE TRABAJO

Bermejo González, Pilar

Cid González, Aurora

Fernández Lamparte, Mónica

Morán Iglesias, Jesús

Platas Ferreiro, Lydia

Diseño y realización:

Krissola diseño, S.L.

D.L.:

1. Introducción	112
2. Drogas y perspectiva de género: el género sí importa	116
¿Qué es el género?	117
Género y salud	118
Género y drogas	120
3. Los distintos significados de los consumos de drogas para hombres y mujeres	124
4. Consumo de drogas y género	128
Consumo de las distintas drogas según el género	129
Singularidades de los consumos en función del género	133
5. Las drogas y las consecuencias del consumo habitual o abusivo	142
Impacto de las drogas sobre la salud	143
Impacto de las drogas en la vida familiar y social	148
6. Impacto diferencial de las drogas en hombres y mujeres	150
7. Efectos de las drogas en la salud sexual y reproductiva	158
Drogas y fertilidad	159
Drogas y embarazo	161
Maternidad y adicción a las drogas	168
8. Drogas y sexualidad	170
Impacto de los consumos de drogas en la actividad sexual	171
Conductas de riesgo vinculadas a la actividad sexual	174
Drogas y prostitución	176
9. Motivaciones y factores asociados al consumo de drogas	178
Factores asociados al consumo de drogas entre las mujeres	179
Motivaciones específicas de las mujeres para el consumo de las distintas drogas	184
10. Publicidad y drogas	188
11. Drogas y violencia de género	192
12. Necesidades específicas de tratamiento de las mujeres drogodependientes	198
13. Barreras para el tratamiento de las mujeres drogodependientes	202
14. Respuestas a los problemas relacionados con las drogas con una perspectiva de género	206
15. Bibliografía	210
Anexo: glosario sobre género	214

1

Introducción



El género condiciona de manera importante la salud de hombres y mujeres y su relación con las drogas. A pesar de ello, la perspectiva de género no ha sido incorporada a las investigaciones epidemiológicas realizadas en nuestro país y, consecuentemente, a las políticas que se vienen aplicando en los ámbitos de la prevención y asistencia de las drogodependencias.

El modelo tradicional de roles femenino y masculino, que vinculaba a las mujeres con el ámbito familiar y las tareas domésticas (incluyendo la crianza de los hijos y el cuidado de las personas dependientes) y a los hombres con la vida pública y el trabajo productivo, sigue todavía distorsionando el conocimiento y el análisis de la realidad de los consumos de drogas y las drogodependencias. El resultado de todo ello es que continúan interpretándose estos comportamientos en clave masculina, considerando que las mujeres mantienen un patrón de conducta similar al de los hombres.

Este sesgo tiene un importante impacto sobre los contenidos actuales de los programas preventivos y asistenciales en materia de drogodependencias, que se enfrentan a sus respectivas poblaciones destinatarias como si fueran un todo monolítico, que comparte idénticas características, motivaciones y problemas: los dominantes entre los hombres.

Así pues, no resulta extraño comprobar cómo, a pesar de los progresos logrados en el conocimiento de la epidemiología de las drogas, en la acumulación de evidencias científicas en torno a la efectividad de los programas de prevención de las drogodependencias y de las mejoras en las respuestas terapéuticas a las adicciones, se sabe muy poco sobre la situación diferencial en hombres y mujeres. La ausencia de la perspectiva de género hace que el nivel de conocimiento actual sobre algunas dimensiones que se mencionan seguidamente, por otra parte claves para el éxito de las estrategias preventivas y asistenciales, sea muy limitado:

- El impacto que la coexistencia de los modelos tradicional y contemporáneo de roles femenino y masculino tiene en los hábitos de consumo de hombres y mujeres.

- Los factores asociados o motivaciones que llevan a hombres y mujeres a iniciarse en el consumo de drogas, a mantener dichos consumos y a desarrollar trastornos adictivos.
- Los mecanismos que explican la distinta vulnerabilidad de hombres y mujeres a los efectos de las drogas.
- Los efectos o consecuencias que el uso y/o abuso de drogas tienen en hombres y mujeres, más allá de los relacionados con la salud sexual y reproductiva.
- Las dificultades que la superación de las adicciones plantea específicamente en los hombres y las mujeres.
- Los factores que determinan la efectividad de las estrategias preventivas y asistenciales con hombres y mujeres (el distinto nivel de éxito de dichas estrategias en el caso de los hombres y las mujeres).

El objetivo del presente documento marco es doble:

- **Sistematizar toda la información** relevante de que se dispone en la actualidad relacionada con las drogas y la perspectiva de género.
- **Persuadir a los profesionales** que trabajan en el campo de la prevención y la asistencia a las drogodependencias de la necesidad de incorporar la perspectiva de género al diseño de sus estrategias de intervención y a las actividades que desarrollan en su día a día.

2

Las drogas y perspectiva de género:
el género sí importa





¿Qué es el género?

El género agrupa todos los aspectos psicológicos, sociales y culturales de la feminidad y de la masculinidad (aquellos que le son asignados de manera diferencial a cada sexo por la cultura) y que son interiorizados por cada persona. Unas características que trascienden las diferencias entre los sexos, centradas exclusivamente en aspectos biológicos.

La identidad de género, lo que consideramos como propio o característico de lo femenino o lo masculino, no es algo natural, sino una construcción cultural que se modifica con el paso del tiempo, que condiciona de manera importante los comportamientos, las actitudes y percepciones de las personas y que establece diferencias en el poder y la autoridad de hombres y mujeres. Nacer hombre o mujer implica vivir en contextos culturales con posiciones y recursos desiguales, así como con distintos valores, creencias y actitudes.

La división de género imperante en cada sociedad asigna a hombres y mujeres roles o papeles sociales diferentes y determina un conjunto de pautas de comportamiento obligadas, permitidas o prohibidas, a las que deben ajustarse cada uno de estos grupos. Estas pautas de comportamiento son transmitidas y reproducidas a través de distintos espacios de socialización, fundamentalmente la familia, la escuela y los medios de comunicación social.

Aunque la división de los roles femenino y masculino varía entre sociedades y en distintos momentos históricos, existe un modelo hegemónico (tradicional) de división de género del trabajo. Un modelo que asigna a los hombres la responsabilidad en el trabajo productivo, relacionado con lo social y externo a la familia, y a las mujeres la crianza de los hijos y el cuidado del hogar (el ámbito privado) y que incluye una serie de atributos o características diferentes para hombres y mujeres:

- **Las mujeres** son afectivas, maternales, intuitivas, sumisas, dependientes, personas que se preocupan de los demás.
- **Los hombres** son racionales, dominantes, fuertes e independientes.

Esta división de roles implica que los hombres disfruten de más poder y reconocimiento social, mientras que las mujeres quedan relegadas al ámbito de lo privado, a la invisibilidad y a la falta de proyección social. Pero supone también la existencia de desigualdades respecto a la salud.



Género y **salud**

